

TEXTOS HOBBS LEVIATÁN CAPT. 17

TEXTO 1

“A causa final, propósito ou designio que fai que os homes, os cales aman por natureza a liberdade e o dominio sobre os demais, se impoñan a si mesmos esas restricións das que vemos que están rodeados cando viven en Estados é o procurar a súa propia conservación e consecuentemente unha vida máis grata. É dicir, que o que pretenden é saír desa insufrible situación de guerra que é o resultado necesario das paixóns naturais dos homes cando non hai un poder visible que os manteña atemorizados e que, coa ameaza do castigo, os obrigue a cumprir os seus convenios e a observar as leis de natureza. Porque as leis de natureza, como a equidade, a modestia, a misericordia e, en suma, o facer cos demais o que quixeramos que se fixese con nós, son en si mesmas, e cando non hai terror a algún poder que obrigue a observalas, contrarias as nosas paixóns naturais, as cales inclínanos á parcialidade, ao orgullo, á vinganza e demais. E os convenios, cando non hai temor á espada, son só palabras que non teñen a forza suficiente para darlle a un home a menor seguridade. Polo tanto, aínda contando coas leis de natureza, que cada un observa cando ten a vontade de observalas e cando pode facelo sen risco, se non hai un poder instituído ou ese poder non é o suficientemente forte para garantir a nosa seguridade, cada home dependerá e poderá facelo lexitimamente da súa propia forza e enxeño para protexerse dos outros homes.”

CUESTIÓNS TEXTO:

1. ¿Como describe o autor o estado de natureza no texto? Aporta algunha cita para completar a túa resposta. ¿Cal é a razón pola que os individuos abandonaron este estado natural? Busca unha frase do texto na que se mencione esta cuestión. ¿Que se entende en xeral nas teorías contractualistas por *estado de natureza*? ¿Que asunto netamente político pretenden explicar as teorías do contrato social? ¿Que di o texto acerca da natureza humana? ¿Como é o home en estado natural? Responde á pregunta e aporta algunha cita.
2. ¿Que son as leis de natureza, segundo Hobbes? ¿Para que serven? Localiza no texto un concepto que sexa equivalente e explica o seu significado. ¿Por que utiliza o autor esa palabra para referirse ás leis de natureza? En base ao que se di neste fragmento: ¿son suficientes, por si soas, as leis de natureza para garantir a seguridade dos individuos? Razona a resposta en base ao texto e recolle dúas citas para apoiar a túa argumentación. ¿Que papel xoga o Estado en relación coas leis de natureza? ¿Que modelo de réxime político defende Hobbes? ¿De que xeito xustifica este réxime no *Leviatán*?

TEXTOS HOBBS LEVIATÁN CAPT. 17

TEXTO 2

“O único modo de erixir un poder común que poda defendelos da invasión de extranos e das inxurias entre eles mesmos, dándolles a seguridade que lles permita alimentarse co froito do seu traballo e cos produtos da terra e levar así unha vida satisfeita, é o conferir todo o seu poder e toda a súa forza individuais a un só home ou a unha asemblea de homes que mediante unha pluralidade de votos podan reducir as vontades dos súbditos a unha soa vontade. Ou o que é o mesmo, nomear a un individuo, ou a unha asemblea de individuos que representen a todos e responsabilizarse cada un como autor de todo aquilo que faga ou promova quen ostente esa representación en asuntos que afecten á paz e a seguridade común e consecuentemente, someter as súas vontades á vontade dese representante e os seus xuízos respectivos ao seu xuízo. Isto é algo máis que consentimento ou concordia, é unha verdadeira unidade de todos nunha mesma persoa, unidade á que se chega mediante un acordo de cada home con cada home.

(...) Unha vez feito isto, unha multitude así reunida nunha persoa é o que chamamos Estado. Deste xeito, xérase ese gran Leviatán, ou mellor, para falar con máis reverencia, ese deus mortal a quen lle debemos baixo o Deus inmortal a nosa paz e seguridade. Pois é grazas a esta autoridade que lle é dada por cada home que forma parte do Estado como chega a posuír e a exercer tanto poder e tanta forza e polo medo que ese poder e esa forza producen, pode facer que as vontades de todos se dirixan a lograr a paz interna e a axuda mutua contra os inimigos de fora.”

CUESTIÓN TEXTO:

1. ¿Cal é o tema, ou asunto xeral, do que trata o segundo texto? Sintetiza o tema nunha frase. Resume o contido deste texto nun único concepto. Argumenta a elección tanto do tema como do concepto. ¿De que forma lexítima (xustifica) Hobbes a obediencia política?